

Cooperación internacional, bienestar social e acción exterior local

Editorial Tempo Exterior, nº 10 primeira época

Tradicionalmente, e con meritorias excepcións, nas administracións locais de Galicia véñense asumindo a necesidade de pór a andar políticas de solidariedade e de cooperación internacional con certa debilidade e ambigüidade. É certo, sen embargo, que, sobre todo nos últimos dous anos, asistimos a unha espiral de crecemento neste compromiso directamente vinculado ao proceso de expansión e asentamento do Fondo Galego. Cada vez está máis asumido que este debe ser un eixe esencial, un capítulo irrenunciable de toda acción pública. A sociedade, sensibilizada pola difusión de múltiples calamidades a través dos medios de comunicación, comprende cada vez mellor a necesidade de habilitar desde aquí políticas que contribúan a paliar carencias sociais graves sen prexuízo, dicimos nós, de efectuar unha severa crítica ás disfuncións e desequilibrios dun sistema económico internacional que afonda nas desigualdades ata límites dificilmente cribles e soportables. Pero ademais, o xeito en que se afrontan estas actuacións vén definido aínda pola precariedade.

Por iso, agora que unhas novas corporacións inician o seu mandato, paga a pena reflexionar sobre a conveniencia de imprimir un novo xiro a esta cuestión. A acción solidaria contextualízase habitualmente como apéndice das políticas de bienestar e acción social, cando en realidade debería situarse como un espazo propio vinculado á acción exterior dos concellos. ¿Un despropósito? Na sociedade global, concellos e deputacións tamén poden e deben intervir como suxeitos con identidade e intereses propios, non soamente a través do desenvolvemento de accións de cooperación material ou de empoderamento democrático, senón igualmente con irmandades (con contido), con talleres de intercambio de experiencias, con derivacións puntuais que enriquezan a implicación de Galicia nesa euro-rexión co Norte de Portugal (comezando polo Eixe Atlántico), con actuacións no ámbito comunitario que contemplan o acceso dos entes locais aos fondos estruturais da Unión Europea, impulsando a participación nos movementos internacionais de carácter municipalista, etc. Como acontece con outros actores sociais, a internacionalización dos entes locais, abordada seriamente, pode facilitar o acceso a fontes financeiras e de coñecemento que repercutirán positivamente na xestión dos intereses públicos.

Se a internacionalización é unha variable de referencia indispensable en toda proposta de acción pública, deberan fortalecerse propostas orgánicas que aseguren o seu impulso e coordinación, que proporcionen maior rendibili-

dade dos proxectos en curso e que aseguren o prezado estímulo de novas iniciativas e ideas. Naturalmente que non todos os concellos poden imaxinar unha estrutura neste sentido, pero si todos deberan contemplar nos seus orzamentos un capítulo específico para a execución de estratexias de acción exterior e diferenciar claramente, por exemplo, o que é cooperación internacional (sexa ou non para o desenvolvemento) e o que son políticas públicas locais de benestar social. Aínda existindo elementos de contacto, cómpre realzar a dimensión exterior e relacionar estas actuacións con outras (políticas, culturais, sociais, económicas, etc) que se poidan instrumentar en escenarios internacionais.

Vai en aumento o papel das administracións locais na catalización daqueles esforzos públicos e privados que reflicten preocupacións específicas polo desenvolvemento de estratexias de internacionalización. O seu liderado institucional quedará en cuestión se non se anticipa e vai por diante dos problemas. Non son andrómenas, é futuro.

A hora do relevo

Marta Cabrera

A globalización na que está inmersa o mundo actual non é quen, aínda, de opacar as particularidades e problemas de comunidades, países ou zonas do planeta que están no epicentro de conflitos que acaparan a atención da opinión pública internacional.

Así acontece no Oriente Medio. A inestabilidade permanente, alentada por un interminable pulso que debe dilucidar a hexemonía entre árabes e non árabes, é o seu sinal de identidade. Toda victoria pasa inescusablemente por asentar un férreo liderado entre veciños e por situar baixo o seu control os principais recursos da zona (hídricos e petroleiros). Aquí, o control do territorio segue a ser unha cuestión vital, especialmente dalgunhas zonas consideradas clave dende o punto de vista xeoestratéxico.

O evolucionar da rexión está condicionado por diversos factores. Un deles é o xogo diplomático no que participa Occidente de maneira destacada. No fundamental, a súa intervención mediatízase da man dos Estados Unidos e, en menor grado, da Unión Europea. Tamén Rusia pugna por recuperar parte da influencia perdida. O intento de influír dende o exterior provoca como reacción nacionalismos de diferente signo, moderados uns, radicais outros, que se asentan nunha identidade cultural propia e ben diferenciada.

A relixión é outro factor a ter en conta. En Oriente Medio, contrariamente ao que ás veces se imaxina en Occidente, a gran diversidade de cultos relixiosos é un dos problemas que dificultan a convivencia. O gran número de sectas e etnias non facilita en absoluto a consistencia dos gobernos.

Pero a pesar destas e doutras dificultades, a precaria estabilidade da zona véñse mantendo dende hai unhas décadas froito dunhas complicadas alianzas persoais entre os gobernantes. Este proceso, vertebrado de forma lenta e minuciosa, pode estar a punto de derrubarse coma un castelo de naipes se non se arbitran a tempo alternativas aos procesos sucesorios abertos.

A morte de Hassan II, rei de Marrocos, acelera un proceso aberto hai pouco, coa morte do tamén rei de Xordania, e que probablemente vai ter continuidade ata que se produza un completo relevo político xeracional, en gran parte da familia árabe. Por conta das novas xeracións que se preparan para tomar o relevo correrá a responsabilidade de propiciar a apertura e democratización duns réximes políticos, claramente desfasados e divorciados dos procesos sociais.

Os dirixentes árabes caracterízanse por unha longa continuidade no poder. Polo xeral, as alternancias non se producen como resultado da observación dun proceso institucionalmente establecido. Unhas veces son consecuen-

cia da intervención terrorista na vida política, como aconteceu en Exipto e, máis recentemente, en Israel co asasinato de Rabin. Estes relevos repentinos implican un grave perigo cando non se garante a continuidade política que, ao estar tan personalizada, non sempre resulta doado. En Israel, por exemplo, a irrupción dun novo dirixente que non participou directamente no proceso iniciado en Oslo case transforma en fracaso un dos maiores éxitos diplomáticos das últimas décadas: sentar a negociar xuntos a palestinos e israelís.

Outras veces a sucesión é provocada por mortes naturais coma a do rei de Xordania, o de Marrocos ou do xalifa de Bahrayn. Este último tiña xa un herdeiro designado, o seu fillo primoxénito, para garantir tanto a continuidade da súa política pro-occidental coma as alianzas cos seus veciños árabes. Esa mesma continuidade é a clave perseguida por Hussein de Xordania ao establecer como sucesor o actual monarca, o rei Abdallah. Tanto este coma Mohamed VI de Marrocos contan cun forte apoio internacional a máis do beneplácito da nova sociedade árabe que compartirá o futuro con eles.

Pero os problemas sucesorios non fixeron máis que comezar. A grave enfermidade do rei Fahd de Arabia Saudí, e a identidade do seu sucesor, son parte deste enigma. Igualmente a dúbida afecta a Kuwait. A ANP (Autoridade Nacional Palestina) anuncia a proclamación dun Estado propio, pero resulta difícil aventurar quen será o seu presidente dada a precaria saúde de Arafat. En Siria, as recentes eleccións confirmaron a continuidade do presidente Al-Asad, pero a súa idade tamén é moi avanzada. En Irán, por razóns diferentes, vívense situacións de conflito entre os partidarios de certa apertura do réxime e os defensores do fundamentalismo relixioso. Iraq tamén abanea.

En suma, ás portas dun novo milenio, os dirixentes de Oriente Medio deben asumir que chegou a hora dun relevo xeracional que debería producirse, non como consecuencia de procesos escuros pilotados total ou parcialmente dende o exterior, senón posibilitando un maior protagonismo das respectivas sociedades. Tamén aquí, o asentamento da democracia é a maior garantía para a estabilidade e a paz.

Marta Cabrera é investigadora no Igadi.

Venezuela aposta por Chávez

Álvaro Reinaldo

A evolución política en Venezuela nos últimos corenta anos vén salpicada por unha serie de dictaduras máis ou menos brandas, períodos democráticos máis ou menos oligárquicos, e cotas de pobreza e de descontento social tan crecentes como inimaxinables no país potencialmente máis rico de toda Iberoamérica.

Dende a nosa distancia xeográfica e cultural, asociouse a chegada de Hugo Chávez á Presidencia de Venezuela coa súa aureola de militar golpista e de cuestionables conviccións democráticas. ¿Golpe militar lexitimado nas urnas? O proceso, sen embargo, esixe unha reflexión máis fonda, especialmente para advertir o contexto no que se produce o triunfo electoral do “Polo Patriótico” e interpretar as esperanzas do pobo venezolano nun cambio agardado como auga de maio.

O chamado “caracazo” foi o antecedente máis grave dos últimos anos e sintetizou o descontento social polo clima de corrupción e de nepotismo existente nas cimeiras do poder. Milleiros de cidadáns, fundamentalmente da capital, decidiron, nunha iniciativa sen precedentes, tomar por asalto os centros neuráxicos da cidade coa soa reivindicación de mínimas condicións de subsistencia.

Venezuela precipitárase nunha situación crítica mentres os dous partidos políticos máis representativos do sistema (AD e COPEI, socialdemócratas e democristiáns) alternaban no exercicio do goberno (ou na ocupación do Estado), sen fisuras, sen discrepancias, a xeito dunha nova oligarquía. O Estado era o suficientemente xeneroso para dar acollida aos intereses e prebendas das dúas formacións que, igualmente, conseguían mediatizar o poder xudicial e cuestionar seriamente a súa independencia. A gravidade da crise e os programas pactados co FMI (Fondo Monetario Internacional) obrigaron a efectuar recortes e, naturalmente, había que comezar pola drástica redución das prestacións sociais.

A Constitución aínda vixente proclama a defensa das liberdades públicas e dos dereitos fundamentais, pero os dirixentes de AD e COPEI coidaron de espelir a súa picardía para baleirar de contido as previsións constitucionais. Así, a liberdade de prensa, poñamos por caso, estaba condicionada polas trabas que o goberno lles impoñía aos medios belixerantes coa súa política para facerse co papel necesario para imprimir. O sistema educativo soamente existía en custosos centros privados. As prestacións sanitarias foron diminuíndo pouco a pouco. A seguridade pública quedaba en mans dunha policía especializada na extorsión dos cidadáns.

Mentres unha minoría enviaba os seus fillos cursar estudos a Estados Unidos ou se desprazaban a Miami para facer as revisións médicas, o bolívar depreciábase sen parar ata non chegar a cotizar no mercado internacional de divisas. As transaccións máis importantes debían facerse en dólares.

É neste contexto de crise económica e social, de falla de expectativas políticas, onde cómpre situar a forza electoral de Hugo Chávez, fundador do “Movemento para a V República”. Chávez vence nas eleccións presidenciais á fronte dun amplo movemento denominado “Polo Patriótico” no que participan todos os sectores políticos e sociais partidarios da revolución pacífica, da liquidación do vello sistema e da busca dunha resposta autóctona á crise do país. Dende comunistas e socialistas a cristiáns, pasando por movementos estudiantís, representantes da guerrilla venezolana, etc, todos eles de base minoritaria pero moi activa, conseguiron unirse arredor da figura de Chávez. Por riba das súas diferencias ideolóxicas e políticas, todos comparten unha idéntica avaliación da situación do país e un programa de mínimos para saír da crise.

A campaña electoral de Hugo Chávez baseouse na loita contra a corrupción, na denuncia das falacias do sistema, e na urxencia de elaborar unha nova Carta Magna que a el lle gusta definir como bolivariana, para reivindicar a actualidade e proxección da figura e do pensamento do Liberador. O seu programa non estaba oculto. En liñas xerais, nada do que acontece pode sorprender a ninguén. Dende o comezo do proceso apostou pola elección dunha nova Asemblea Constituínte que había de someter transitoriamente a todos os poderes do país, incluído o xudicial. O anteproxecto de Constitución coñecía-se mesmo antes de celebrarse as eleccións á Asemblea Constituínte, nas que obtivo un espectacular triunfo.

O proceso político venezolano respecta o calendario deseñado por Chávez, non sen tensións internas e advertencias internacionais, benignamente preocupadas agora polo respecto ás formas e institucións democráticas, a diferenza da vista gorda aplicada no pasado. Non parece, sen embargo, que camiñemos cara a unha dictadura e cabe aventurar que coas peculiaridades que se precise, a nova Constitución asegurará, no esencial, o respecto aos dereitos políticos, económicos e sociais universalmente proclamados.

As incertezas son maiores respecto ao programa económico do “Polo Patriótico”. As esixencias internacionais e as diferentes concepcións que habitan no seo do movemento de apoio a Chávez poden dificultar a elaboración dese programa de choque que a sociedade venezolana precisa para evitar o depauperamento e recuperar a súa dignidade e futuro.

Álvaro Reinaldo é colaborador do Igadi.

Información de conflictos, unha tarefa conflictiva

Paulo Alonso

As páxinas de información internacional dos xornais están constantemente cheas de información sobre conflitos bélicos de distinta índole. O mutismo das partes implicadas para ofrecer información (non propaganda), a escaseza de fontes fiables e o escaso rigor das empresas periodísticas nestas situacións fan desta información unha tarefa conflictiva.

Co paso do tempo, o Primeiro Mundo dispón dun maior caudal de cifras, datos e documentación. Os acontecementos de carácter público nunca foron tan seguidos polos medios. A cidadanía conta con máis elementos de análise ca nunca e dun regueiro de imaxes moi superior ao que xamais houbo. Nembargantes, esta maior cantidade de información non repercute na súa calidade. Ver non é sinónimo nin de coñecer nin de saber. Como defende Ignacio Ramonet, non é o mesmo presenciar que entender. Ser testemuña de algo non aproxima necesariamente a comprender, di o director de *Le Monde Diplomatique*.

Houbo un tempo no que, por cuestións tecnolóxicas, os medios non tiñan tanta información sobre as relacións internacionais. Pero eran unhas noticias menos controladas. Os centros de poder non estaban tan adestrados no control. Tiveron tempo para prepararse.

A guerra de Cuba foi encirrada polo magnate da comunicación, William Randolph Hearst, que inventou un perfecto caldo de cultivo para que, coa destrución do Maine, os Estados Unidos presididos por William McKinley se visen facendo unha guerra coa que non contaban. Serviulles de lección.

A Gran Guerra foi a primeira experiencia informativa de seguimento dun conflito. Crúzanse intereses contrapostos entre os bandos e os medios. Restrínxese o acceso dos profesionais aos escenarios dos combates e algúns gobernos acaban reservando para si a liberdade de información alegando razóns de Estado. Vietnam xa marcou un novo punto de inflexión. En xeral, os medios resistíronse a aplaudir todo o que o exército norteamericano facía. E na Guerra das Malvinas o Reino Unido foi pioneiro en ensaiar a nova fórmula. A información chegaba a través do Estado Maior a un grupo de xornalistas escollidos polo Goberno británico para se desprazaren ao escenario da contenda e transmitir a información (facilitada por Defensa) ao resto de medios. Esta forma de negociar a guerra repetiuse no Golfo e fíxose modelo da OTAN. Porque a alianza contra Iraq non foi un conflito retransmitido en directo pola televisión, senón máis ben recreado por e para a televisión, como ocorría nos primeiros tempos do cinematógrafo cos noticiarios inventados.

Os gobernos buscan controlar todo canto sae nos medios e facer deles simples correas de transmisión das súas posturas, datos, valoracións, rectificadas, comunicados... de xeito que a opinión pública apoie ou asuma as súas consignas. E conségueno.

Pola súa parte, os medios a penas contan con fontes fiables e botan man de todo, aínda sabendo que fan de voceiros dos gabinetes institucionais. Non sempre é fácil verificar os datos que os gobernos facilitan sobre as guerras e acaban dándoos por certos.

Pero os intereses dos gabinetes de comunicación dos gobernos non sempre son os de informar con rigor. Á hora de explicar as guerras, buscan chegar ao maior número posible de persoas. As complicadas relacións, causas e circunstancias que conflúen non son facilmente explicables. Por iso se presenta unha realidade simple. Ao estilo das películas máis comerciais, preséntanse situacións maniqueas, con dictador malo, moi malo, un pobo ao que salvar das súas mans e uns militares da paz que salvarán ao mundo de todo perigo.

Todo aquel feito que engada matices ao escenario é eliminado por portavoces e medios. Deste xeito, as empresas converten unha situación real noutra imaxinaria, simplificada, sen matices e errónea. Así, a cidadanía faise unha idea de por qué é necesario intervir, segundo a versión oficial.

A razón desta estratexia é sinxela. Para que a mensaxe triunfe, o principal, como acontece na propaganda, é a simplificación. Debe ser breve, clara e reducirse a un slogan. Haberá un só obxectivo e inimigo, persoa, grupo, país, contra o que concentrar os argumentos. Os medios fican persuadidos por esa propaganda oficial. Esa simplificación é funcional para eles, que dispoñen de pouco espazo e medios para explicar o conflito. Así acaban sendo corresponsables do engano. Neste camiño de bos e malos, os medios non dubidan en acudir a comparacións, esaxeracións e mitificacións para engadir espectacularidade. O titular rechamante e alarmista é o que mellor serve a eses intereses.

As empresas informativas mesmo asumen a linguaxe dos bandos para acabar falando de vítimas colaterais, catástrofe humanitaria –e non humana– ou forzas de paz –e non exércitos–.

Ademais, está o problema das fontes. As empresas con máis medios dispoñen de enviados especiais en moitas fronteas. Estes grupos terán máis información e falarán de temas que lles interesa tratar pola súa propia natureza e a dos seus lectores. Acceden a información específica que poden necesitar e non consumen a allea. Pola contra, os medios modestos e periféricos botan man de todo canto lles chega. Estas lecturas nunca poden ser específicas, senón que están enfocadas desde outras ópticas. Así, os medios que non dispoñen de profesionais na zona do conflito acoden a diferentes fórmulas para producir información propia. Deste xeito, rematan publicando todo canto conseguen con relación ou procedencia da zona do conflito. Converten a todo aquel que o vive in situ nunha opinión privilegiada. Como apunta Felipe Sahagún, “vale case todo: opinións de expertos reais

ou improvisados, ampliación e repetición de declaracións e imaxes oficiais, explicacións parciais e incompletas do contexto, das circunstancias, en linguaxe case sempre críptica para pasar a censura”.

Ante a falta de información publícase todo o que anuncian as partes en conflito sen comprobar a súa veracidade. Entón pode sucederse un continuo de afirmacións, desmentidos, contraacusacións entre os distintos bandos. Terminase sen saber que pasa realmente no medio de todo o mare magnum de versións. A principal vítima remata sendo, coma sempre, o lector, propietario último da información, que se atopa no medio da controversia sen saber cál é a verdade, porque os periodistas simplemente foron correa de transmisión das partes escudándose en que sempre atribúen a procedencia das valoracións, algo insuficiente para salvar a súa responsabilidade.

En canto á selección e ao tratamento informativo, os medios non buscan o fondo dos conflitos. A contextualización e todo o que non sexa información presentista a penas teñen cabida nos medios. Desta forma faise moi difícil a comprensión de todo o que ocorre en cada momento, porque as causas que o explican non se atopan no instante dos feitos. Di Ramonet que para entender os conflitos débense incluír os contextos xeral, económico, político, estratéxico e cultural, e fuxir da mera información de batallinas.

Alejandro Pizarroso recolle unha interesante relación das vulneracións dos principios básicos de liberdade de prensa, dereito da información e dereito á información que se produciron na Guerra do Golfo, pero que son extensibles a calquera tipo de campaña da OTAN: a) aceptación das restriccións de acceso ás fontes; b) obsesión polas dúas ou tres versións das noticias; c) prioridade do espectáculo sobre a información en televisión; d) patriotismo de moitos informadores e propietarios de medios; e) pacifismo fácil no que incorreron algunhas empresas; f) esquecemento dos antecedentes do conflito; g) marxinación na maior parte dos medios de visións críticas, da ideoloxía disidente.

As eivas son moitas, pero os medios empezarán a vencer ós gobernos na súa particular batalla pola veracidade e o rigor cando superen estas e outras carencias.

Paulo Alonso é licenciado en Ciencias da Información.

A “inxerencia humanitaria” e o TPI

Acaba de se rematar un novo episodio da “Guerra dos Balcáns” e, como se fai cando rematan as batallas, é tempo de facer relato de mortos e feridos, perdas e ganancias. Tempo de pescudar no principio, non recoñecido expresamente na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, nin en ningún outro texto que a desenvolva, chamado de “inxerencia humanitaria”.

Hai xa máis de trinta anos, o profesor que foi na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, Xosé M. González Casanova, no Prólogo para unha edición cuadrilingüe da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, dicía que “os Dereitos Humanos conquístanse e deféndense pola forza”. Pero, como tal afirmación parece violentar cando menos, os artigos 2, 3 e moitos máis da Declaración, parece tamén necesario poñela en relación co que se di nos artigos 28 e 30 da mesma Declaración. Eliminando a posible arbitrariedade contida naquela afirmación do profesor González Casanova, a mesma soamente adquire un contido lóxico se, previamente, se enchen de contido os citados artigos 28 e 30, ou sexa, o dereito “a que se estableza unha orde social e internacional na que se fagan plenamente efectivos os dereitos e liberdades proclamados” e que ningunha cousa se poderá interpretar “que confira dereito a algún Estado para emprender e desenvolver actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración”.

Canto acabamos de relacionar debe ser a guía pola que poidamos chegar a unha comprensión do que, no mundo do dereito (xa que no da moral teríamos que nos meter na liorta da “guerra xusta”), pódelle dar contido xurídico ao principio da “inxerencia humanitaria”, en tanto en canto a realización de tal dereito supón a creba total do principio da “soberanía interior” dos estados.

Non se pode establecer unha responsabilidade penal dos individuos e dos estados a escala internacional se, como fundamento da mesma, non establecemos, ao tempo, unha orde internacional que se atope por riba dos intereses dos gobernos de cada país ou de cada conxunto deles, aínda que se chamen “grupo dos afíns” ou eufemismos semellantes. As palabras do fiscal norteamericano perante o Tribunal de Nüremberg seguen a ser o referente básico que nos exige garantir e establecer esa “orde internacional” con base na existencia dun Tribunal Penal Internacional, con capacidade non soamente para dictar as sentencias, senón tamén para facelas executar, no mesmo sentido que, no constitucionalismo democrático, afirmamos que os xuíces teñen o poder de facer executar o xulgado.

Urxe, neste mundo en transición no que, sen nos darmos conta, cambiaron todas as coordenadas “estabilizadas” polo remate da II Guerra Mundial e o reparto dos poderes mundiais nos dous grandes bloques que lideraban a URSS e os EUA, urxe, como digo, acabar de completar, como instrumento básico da realización dun efectivo “dereito internacional” que deixe de ter a guerra como único referente, a plena posta en funcionamento do Tribunal Penal Internacional aprobado o pasado ano, 1998, polo Estatuto de Roma e en vésperas de ratificación por varios países, entre eles España. Entrementres, seguirá a ser o dereito do máis forte sobre o feble, por moi xusto que poida parecer nalgúns casos.

(Palabras pronunciadas por Xosé Luís Rodríguez Pardo no acto de entrega a Isaac Díaz Pardo do premio Jiménez de Asúa de Dereitos e Liberdades, 1999).

Macau a un paso da China

Alfredo Dias

No próximo día 20 de decembro vaise realizar a cerimonia oficial da transferencia de soberanía de Macau para a República Popular da China (RPC). Pecharase definitivamente o ciclo do Imperio Portugués iniciado coa expansión marítima para o Oriente no século XV.

A pesar de nacer e desenvolverse a través de procesos históricos completamente distintos, Macau e Hong Kong acaban por regresar á soberanía chinesa integradas no mesmo contexto político e en función dun calendario que a China pacientemente soubo construír. Tendo por pano de fondo 1997, ano no que terminaría o período de concesión dos Novos Territorios a Gran Bretaña, e a nova teoría de Deng Xiaoping “un país, dous sistemas”, as autoridades chinesas aproveitaron a visita de Margaret Thatcher en 1980 para iniciar un proceso negociador que conduciu á Declaración Conxunta Chino-Británica do 19 de decembro de 1984. Hong Kong ficou co 1 de xullo de 1997 como data marcada para a transferencia da súa soberanía.

Paralelamente iniciouse o proceso de negociación con Portugal. O tratado luso-chinés de 1887, que concedera a Portugal a “perpetua ocupación e goberno de Macau”, tiña os seus días contados. As transformacións políticas ocorridas en Portugal co 25 de abril de 1974 facilitaron a aproximación entre os dous países. Macau pasou a ser considerado “territorio chinés baixo administración portuguesa” e Portugal comezou a dar sinais de dispoñibilidade para negociar coa China.

Así, o 31 de decembro de 1975, o Comando Territorial Independente de Macau foi liquidado, as Forzas Armadas deixaron o territorio e este transformouse nunha zona desmilitarizada e baixo control do poder político auxiliado por unha simple forza policial de recrutamento local, o Comando das Forças de Segurança.

En 1987, a Declaración Conxunta Luso-Chinesa, asinada por Cavaco Silva e Zhao Ziyang, estableceu que a RPC volvería a asumir a administración de Macau o día 20 de decembro de 1999. De acordo co principio “un país, dous sistemas” creábase a Rexión Administrativa Especial de Macau (RAEM) subordinada ao goberno chinés, pero gozando dunha grande autonomía (excepto nas relacións exteriores e na defensa). O segundo paso deuse o 31 de marzo de 1993 cando Jiang Zemin promulgou a “Lei Básica da RAEM”; no seu artigo 5º afirmase que á Rexión “non se aplican o sistema e as políticas socialistas manténdose inalterados durante cincuenta anos o sistema capitalista e a maneira de vivir anteriormente existentes”. Finalmente, o terceiro paso ocorreu o 15 de maio de 1999 coa elección, sen sorpresa, do banqueiro Ed-

mund Ho para xefe do Executivo da RAEM. Coñecedor da realidade macaense, Edmund Ho é tamén unha figura próxima ao poder político de Pequín, a quen o primeiro ministro Zhu Rongji tivo xa a oportunidade de manifestar o seu apoio.

A escasas semanas do 20 de decembro de 1999, non podemos deixar de subliñar que, despois de Hong Kong, Macau é o segundo momento delimitado pola China para cumprir o seu gran obxectivo de unificación. Queda, con todo, por cumprir o derradeiro momento que responde ao nome de Taiwán.

Tomando en consideración esta “longa marcha” rumbo á reunificación de China, o contexto político internacional que hoxe se vive non deixa ver un camiño doado para a RPC. Ao ataque da OTAN a Iugoslavia onde ocorreu o bombardeo da embaixada chinesa e ás difíciles negociacións para a entrada da China na Organización Mundial do Comercio, veuse xuntar o actual clima de tensión política e militar con Taiwán, o máis grave dende 1996. As declaracións do presidente de Taiwán, Lee Teng-hui, a mediados de xullo, defendendo que o diálogo con Pequín debía verificarse sobre unha base de “estado a estado” deu un sinal claro da existencia dun forte movemento independentista na illa e de que a desexada unificación non se realizaría a curto prazo.

En relación a Macau, non se esperan sorpresas na fase final da soberanía portuguesa. Neste momento, as preocupacións céntranse na estabilidade e a seguridade do Territorio, postas en causa polas actividades das sectas e a polémica céntrase ao redor da vontade chinesa de estacionar un continxente de tropas no Territorio. O presidente portugués, Jorge Sampaio, adiou a confirmación da súa presenza na cerimonia oficial, a pesar de que Jiang Zemin xa o fixo, feito que se interpreta como unha forma de presión sobre esta pretensión da RPC. A última reunión do “Grupo de Ligaçao Conjunto”, realizada en Lisboa entre o 12 e o 14 de xullo, deixou aberta esta cuestión.

Froito dun proceso histórico orixinal, Macau foi durante 450 anos un lugar de convivencia multicivilizacional entre pobos occidentais e orientais. Unha proba viva de que é posible que dous pobos compartan intereses comúns, respectando as súas diferencias étnicas, relixiosas, culturais... Un testemuño fundamental no mundo de hoxe.

Alfredo Dias é investigador no Centro de Estudos Orientais (Lisboa).

50 anos da China Popular

Xulio Ríos

Un primeiro de outubro de 1949, Mao Zedong proclamaba en Tiananmen o nacemento da República Popular China. A revolución triunfara e o país máis poboado do mundo aprestábase a construír unha nova sociedade inspirada no ideal comunista. Os múltiples avatares polos que debeu pasar o proceso revolucionario chinés son complexos dabondo como para seren aquí analizados, pero si paga a pena reflexionar sobre o contraste existente entre a revolución maoísta de hai cinco décadas e a situación actual.

Existen certos elementos e moi importantes en común. En primeiro lugar, a vixencia do Partido Comunista (PCCh), auténtica columna vertebral do sistema e principal legado de Mao que non foi erosionado no fundamental. O PCCh exerce invariablemente o papel de dirección política do Estado. Neste sentido, cómpre constatar que mentres a actual reforma impulsa innovacións atrevidas no ámbito económico ou social, mantén contra vento e marea a inalterabilidade do status e función do PCCh como garante esencial da orientación socialista dun proceso que na actualidade ben pode confundirse coa construción do capitalismo. Tamén procedería sinalar como evidencia da continuidade do proceso iniciado en 1949, a presenza do nacionalismo como referente para afirmar unha vía de transformación social propia, distanciada antes do modelo soviético e agora concretada nesa formulación dun “socialismo con peculiaridades chinesas” que elaborou Deng Xiaoping para acadar as chamadas “catro modernizacións”. Por último, a preocupación compartida por acadar un maior progreso e benestar para a súa inmensa poboación e erradicar a pobreza e o atraso. A pesar da inestabilidade das primeiras décadas, a economía chinesa creceu sempre a un ritmo admirable.

Pero os contrastes tamén abundan. Sirvan de mostra as decisións que a APN (Parlamento) adoptou a comezos de marzo deste ano e que, dalgún xeito, viñeron liquidar aspectos esenciais da revolución maoísta.

En efecto, a APN constitucionalizou a propiedade privada, suprimiu toda referencia aos “delictos contrarrevolucionarios” e, en xeral, aposta por unha nova linguaxe, máis tecnicista, aparentemente desprovista de carga ideolóxica, acorde coas esixencias dos novos tempos e a ton co aprendido por eses milleiros de estudantes chineses que poboan as universidades dos Estados Unidos e doutros países occidentais. A China semella decidida a perder os seus últimos medos ao capitalismo e solta pouco a pouco o lastre revolucionario, preparándose para un amodorramento indefinido nunha primeira fase da construción do socialismo que pode chegar a eternizarse.

Coa admisión da propiedade privada, hoxe pode suceder algo similar ao acontecido onte co mercado, e iso pode darnos unha idea do sentido da traxectoria. En 1978, ao comezo da reforma, tratábase de tomar a economía planificada como factor preponderante e a función reguladora do mercado como apoio; en 1984 falábase de construír unha economía mercantil planificada socialista; e, en 1992, de instaurar un sistema de economía de mercado socialista. Hoxe, o papel do Estado como tal, en boa medida en situación de quebra, aínda que non desapareceu nin moito menos, limitouse considerablemente. Sen embargo, quizais sexa prematuro anunciar, como fan moitos, o definitivo abrazo da China ao capitalismo pois á par do canto ao mercado e á propiedade privada existen outros indicios que apuntan á supervivencia de iniciativas complexas de mercado contido social. E a historia, por moito que o diga o señor Fukuyama, aínda non rematou.

Con ser importantes, o único significativo na política chinesa non son os actos dos seus dirixentes que, neste aspecto, se limitaron a incorporar a un texto legal unha realidade que forma parte da vida cotiá dende hai tempo. Tamén conta a propia sociedade e é esta a que, progresivamente, semella distanciarse da Revolución como consecuencia dun proceso que pon patas arriba boa parte das ensinanzas da revolución. Mentres avanza inexorable o apoliticismo e o baleiro ideolóxico, achándose o camiño para esa nova xeración de tecnócratas formados no exterior e que un día tomarán o relevo asumindo o valor do crecemento e do desenvolvemento como únicos depositarios de sentido. Aínda conservando certa admiración case relixiosa por Mao, a sociedade chinesa viu como en pouco tempo as súas motivacións e aspiracións cambiaron de signo, ata o punto de rexurdir tradicións e costumes ancoradas no pasado confuciano e que moitos daban por definitivamente desterradas. Pouco ou nada vai quedando do ideal humano que simbolizaba Lei Feng, exaltado ata a saciedade polo Partido, cheo de calidades revolucionarias, afanado lector das obras de Mao para saber “por quen debe vivir”. Aquel home novo, exento de egoísmo, exhibe hoxe, en China, semellantes trazos de alienación aos de calquera habitante do planeta.

Sen dúbida os desafíos sociais e económicos da reforma chinesa son tan inmensos como grandes son os desequilibrios xerados neste período de vertixinosas transformacións. Pero quizais a maior ruptura se producise xa como consecuencia da silenciosa perversión, quizais non intencionada, daquela ética baseada no “servir ao pobo” e que pode estar sendo substituída pola exaltación dun benestar cada vez máis desprovisto de conciencia social.

Xulio Ríos é director do Igadi.